



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 667 Semana do 29 de febreiro ao 6 de marzo de 2016

8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

UN ANO MÁIS, UGT-GALICIA DENUNCIA QUE AS MULLERES NON TRABALLAN EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS COS HOMES, NON COBRAN O MESMO NIN HAI UN REPARTO EQUILIBRADO NA ATENCIÓN ÁS RESPONSABILIDADES FAMILIARES

A crise, cos seus recortes, e a ausencia de actuacións públicas afastan á sociedade galega cada vez máis da igualdade entre homes e mulleres

Redacción.- Co gallo da celebración o vindeiro 8 do Día internacional da muller traballadora, a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movementsos Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, ofreceu este mércores en Santiago unha rolda de prensa coa que se pretende arrojar luz sobre a situación da muller en Galicia no eido laboral.

Neste encontro cos medios de comunicación, Mónica Rodríguez constatou que a aparente melloría da situación do emprego entre as mulleres durante a crise resulta unha lectura falaz da realidade e oculta o grave retroceso que se está experimentando e ao que non se lle está poñendo freo.

Os efectos da crise, as reformas laborais e os recortes impostos, xunto coa omisión de actuacións públicas que realmente contribúan a avanzar na igualdade entre mulleres e homes provocan un afastamento cada vez maior da igualdade laboral entre homes e mulleres.

Este crecemento da desigualdade e a discriminación das mulleres tradúcese nun empobrecemento cada vez maior das mesmas. As mulleres non traballan en igualdade de condicións cos homes, nin cobran o mesmo, nin hai un reparto equilibrado entre homes e mulleres na atención ás responsabilidades familiares.

Así se constata non informe elaborado por UGT-Galicia e feito público este mércores na rolda de prensa.

Calquera mellora do mercado laboral segue perpetuando as dificultades estruturais para as mulleres

O informe deixa claro que calquera mellora do mercado laboral, por leve que sexa,

segue perpetuando as dificultades estruturais para as mulleres.

Segundo os últimos datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE), referidos ao ano 2015, a muller galega ten unha taxa de actividade dez puntos inferior á dos homes; a taxa de ocupación é 8,7 puntos inferior; e a de paro 1,3 puntos por enriba á das mulleres en relación á dos homes. Se ben no ano 2014 non existían diferenzas entre a taxa de paro masculina e feminina, do 21,6 por cento entre os homes e do 21,7 por cento entre as mulleres, por mor da crise que as igualou, xa no 2015, volve a aumentar o diferencial e, de novo, as mulleres saen prexudicadas.

Por sectores, a ocupación das mulleres concéntrase no sector servizos, co 84,9 por cento do total da ocupación feminina. Pola contra, o 34 por cento dos homes están ocupados na industria e na construción.

O informe tamén reflicte que hai unha maior propensión ao emprego por conta propia no caso dos homes, representando o 24,3 por cento, fronte ao 18 por cento no caso das mulleres.

No sector público, no que tradicionalmente son maioría as mulleres, no 2015, dos 5.000 empregos creados, 4.100 foron para homes

Curiosamente, un sector como o do emprego público no que tradicionalmente



son maioría as mulleres, no último ano, no 2015, dos 5.000 empregos creados, 4.100 foron para homes e o resto para mulleres. Un exemplo máis de que a tímida recuperación vai escorada cara os homes.

No sector privado, as mulleres continúan infrarrepresentadas, o 45,4 por cento do total, e no último ano o 54 por cento do emprego creado corresponde ao sector masculino.

O 92,7 por cento da contratación rexistrada entre as mulleres foi temporal

No relativo á modalidade de contratación, evidénciase que a reforma laboral non conseguiu modificar a temporalidade na contratación. O 92,7 por cento da contratación rexistrada entre as mulleres no ano 2015 foi temporal. A contratación indefinida feminina reduciuse máis que a masculina no último ano.

Continúa na páxina seguinte...

...ven da páxina anterior.

Un ano máis, hai que denunciar que o chamado teito de cristal continúa impedindo ás mulleres acadar postos de responsabilidade. A pesar de ter a muller un forte protagonismo nos postos técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cifrada esta nun 20 por cento, tan só o 2,5 por cento da poboación feminina ocupada chega á dirección ou xerencia dalgunha empresa. Se se atende á participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35, conséntase a mínima presenza feminina, xa que só representan o 9,32 por cento do total dos postos de dirección.

A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación

De novo, a balanza inclínase a favor dos homes cando se cruzan as variables formación e ocupación. A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación que as mulleres. Por exemplo, a taxa de ocupación entre as mulleres con estudos superiores é do 67,8 por cento, fronte ao 69,6 por cento no caso dos homes.

A taxa de desemprego feminina volve ser superior á masculina e incrementase o diferencial entre elas. Mentres nos anos 2012 e 2013, como consecuencia da maior perda de emprego en sectores fortemente masculinizados e afectados pola crise, a taxa de paro masculina era superior á feminina, de novo, no 2014 cambia a tendencia e no 2015 acrecéntase.

Os datos así o evidencian. No 2011 a taxa de paro era do 16,6 por cento entre os homes e do 18,1 por cento entre as mulleres. No 2012 cámbiase a tendencia, pasa a ser do 20,8 por cento entre os homes e do 20,2 por cento entre as mulleres; no 2013, do 22,3 por cento entre os homes e do 21,7 por cento entre as mulleres; xa no 2014, iguálase, do 21,6 por cento entre os homes e do 21,7 por cento entre as mulleres; pero é que xa no 2015 volve a ser a taxa de paro entre as mulleres superior á dos homes, 20 por cento fronte ao 18,7 por cento.

Lonxe de aproveitar a leve creación de emprego para subsanar as diferenzas existentes no mercado laboral, dende a perspectiva de xénero, conséntase que, de novo, as mulleres quedan fóra deste cambio.

Ás mulleres cóstalles máis baixas do carro do paro de longa duración e perciben menos prestacións contributivas

O comportamento e evolución do desemprego de longa duración tamén é máis negativo para as mulleres. Se no 2015, en relación ao ano anterior, baixou nun 6,6 por

cento o número de homes que levan máis de dous anos na procura de emprego, no caso das mulleres esta redución non superou o 1,2 por cento. Hai 50.200 mulleres que levan máis de dous anos en situación de desemprego e na procura dun posto de traballo, polo que xa non teñen dereito a prestación contributiva.

Precisamente, en materia de prestacións por desemprego conséntase que 72.298 mulleres en situación de desemprego non perciben prestación contributiva, fronte a 47.482 homes. Quedando así as porcentaxes de cobertura nun 57 por cento no caso dos homes e dun 43 por cento no caso feminino.

As renuncias laborais a prol da atención ás necesidades familiares danse maioritariamente entre as mulleres

Os datos analizados tamén seguen a constatar que as mulleres son as que maioritariamente renuncian a participar no mercado laboral para adicarse á atención das responsabilidades familiares, xa que, segundo a Enquisa de poboación activa do IGE-INE, o 4,8 por cento das mulleres, fronte ao 0,6 por cento dos homes responden que non están traballando nin están buscando emprego por ter que coidar de nenos, persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores. O mesmo sucede no caso das mulleres que responden que non traballan nin están buscando traballo por ter que atender responsabilidades familiares ou persoais, un 10,5 por cento fronte a tan só o 1,5 por cento de homes.

En canto aos salarios, como xa se denunciou o pasado día 22, a brecha entre homes e mulleres segue aí e non se supera. O último dato dispoñible apunta ao 23,4 por cento en Galicia e dende o ano 2008 a fenda salarial aumentou en 2,3 puntos.

Que as mulleres continúan asumindo a maioría das responsabilidades familiares é un feito innegable. Non obstante, dende o ámbito público, en vez de adoptar as medidas que minimicen as consecuencias que isto ten no acceso e mantemento do emprego feminino, a través das reformas laborais e medidas de axuste, introducíronse medidas que, de novo, dificultan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A isto hai que engadirle as políticas de recorte no gasto público que implican diminución de servizos, como o coidado de persoas dependentes ou o fomento da corresponsabilidade. Á precariedade nas condicións laborais hai que sumarlle a paralización e retroceso das medidas en materia de conciliación.

A xornada a tempo parcial ten cara de muller

Precisamente, unha das consecuencias no eido laboral da asunción das responsabilidades en materia de conciliación por parte das mulleres é o feito de que a xornada a tempo parcial sexa máis utilizada polas mulleres, no 76 por cento dos casos. En relación ao total de persoas ocupadas de cada sexo, o 23,1 por cento das mulleres e o 6,5 por cento dos homes.

Dende o ano 2014 aumentan en 3.800 as ocupadas a tempo parcial e tan só en 1.500 as que teñen unha modalidade contractual de tempo completo. Non obstante, no caso dos homes conséntase en 100 menos.

Atendendo ás razóns polas que as persoas din que accederon a un contrato a tempo parcial, en vez de xornada completa, máis do 94 por cento das que contestan que o fan para facilitar o coidado de nenos e nenas, persoas adultas enfermas ou maiores son mulleres, fronte ao 5,4 por cento de homes.

Tamén resulta significativo que, das persoas que responden que traballan a tempo parcial por non poder atopar un emprego a tempo completo, o 74,3 por cento son mulleres e o 25,7 por cento son homes.

Isto trae como consecuencia que a porcentaxe de mulleres que se atopan en situación de subemprego por insuficiencia de horas de traballo ascende ao 63,8 por cento do total.

En canto ás prestacións por maternidade e paternidade, reducións de xornada e excedencias, UGT-Galicia considera que urxe unha nova regulación dos permisos e licenzas, así como, do fomento da corresponsabilidade. A prestación por maternidade segue a desfrutarse, practicamente, de forma exclusiva polas nais, no 98 por cento dos casos. O 88 por cento das excedencias por coidado dun familiar son solicitadas tamén polas mulleres. E o 73,8 por cento das reducións de xornada por coidado de menores de 12 anos son solicitadas por mulleres.

Consecuencia de todo o analizado ata o momento, maior precariedade laboral entre as mulleres, brecha salarial, falta de políticas que favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e unha corresponsabilidade real e efectiva entre homes e mulleres no eido familiar, as mulleres enfróntanse a peores condicións de protección social. No caso das pensións de xubilación as diferenzas salariais elévanse ata o 38 por cento, brecha que se incrementa ano tras ano. O 77,8 por cento das persoas beneficiarias de pensións de xubilación non contributivas en Galicia son mulleres, cuxo importe medio no 2015 foi de 355,01 euros ao mes. O que da unha idea das dificultades ás que se enfrontan as mulleres tras a xubilación.

AS CIFRAS DO PARO EVIDENCIAN PRECARIIDADE, A CRONIFICACIÓN DO DESEMPREGO E A ASISTENCIALIDADE DAS PRESTACIÓNS

Redacción.- As cifras do paro feitas públicas este mércores amosan precariedade na contratación e altos niveis de rotación laboral, o que, evidentemente, sempre trae consigo temporalidade e precariedade. A UGT-Galicia tamén lle preocupa a cronificación do desemprego, o que está a provocar que xa se rexistren en Galicia 119.780 persoas paradas sen ningún tipo de cobertura, máis da metade dos desempregados, e que tan só o 42 por cento dos beneficiarios das prestacións o sexan das de carácter contributivo. Un mes máis conséntase a asistencialidade das prestacións, co que isto conleva, baixas contías e que se configuren situacións familiares próximas á pobreza e exclusión social.

As familias seguen no pozo da crise

Para o Sindicato, é evidente que a conxuntura laboral non remonta e as familias seguen no pozo da crise.

Concretamente, os datos facilitados polo INEM amosan que en Galicia o desemprego baixou o 0,5 por cento no mes. Así, nesta Autonomía hai un total de 235.268 desempregados. Interanualmente, o desemprego baixa no 8,7 por cento.

Un mes máis, evidénciase unha importante contracción da poboación en idade de traballar, pola saída de poboación cara fóra na busca dun futuro mellor e polo retorno de inmigrantes aos seus países de orixe. De feito, continúa a caída do desemprego entre o colectivo dos estraxeiros, cun 5,4 por cento de diminución interanual.

Por sexos, conséntase que, ao retomar o mercado laboral unha senda de tímida mellora, beneficia moito máis aos homes, a desigualdade segue presente. Neste mes o desemprego medrou entre as mulleres nun 0,1 por cento, mentres entre os homes caeu nun 1,2 por cento. As mulleres volven a ter o maior peso no desemprego, acadando o 53,7 por cento do total.

Por provincias, no mes rexístranse caídas en A Coruña, do 1,13 por cento, e en Pontevedra, do 0,55 por cento. Pola contra, medrou en Lugo, o 0,94 por cento, e en Ourense, o 0,61 por cento. En termos interanuais, conséntase en todas.



Por idades, o desemprego entre os menores de 25 anos sitúase nas 12.123 persoas, medrando no mes, contrariamente ao que sucede na media de idades, concretamente, nun 2,41 por cento. Sen embargo, no ano a caída é máis acusada, do 12,1 por cento, pola saída de efectivos xa mencionada anteriormente e pola falta de relevo xeracional.

Por sectores, o desemprego medra só entre o colectivo de sen emprego anterior, nun 1,6 por cento. Mantense no de servizos e cae no resto. No ano cae en todos, destacando a industria e construción.

En termos de contratación, rexístrase unha caída do 1,71 por cento no mes. No ano, pola contra, hai unha evolución favorable, aumentando os contratos no 14,8 por cento. Medrando tanto os indefinidos, nun 14,5 por cento, como os temporais, un 14,8 por cento. Non obstante, a porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total segue a ser moi baixa, do 9,54 por cento.

Altos índices de rotación laboral

Destaca o feito de que en Galicia se fixesen 61.614 contratos en tan só un mes, o que está claro é a precariedade destes contratos que non se consolidan e os altos niveis de rotación laboral.

En canto ás cifras de beneficiarios de prestacións, obsérvase que en Galicia hai 116.667 persoas beneficiarias dunha prestación por desemprego. Pero o carácter contributivo das mesmas está baixo mínimos, tan só o 42,1 por cento perciben prestacións de carácter contributivo, o resto son asistencialais. Isto evidencia dúas cousas, a baixa contía das prestacións e que o desemprego cronifícase, o que leva a moitas persoas, unha vez esgotados os dereitos a unha prestación contributiva a recorrer ás outras modalidades que, pola súa baixa contía, conducen en moitas ocasións a situacións límite próximas á pobreza ou exclusión social.

Máis da metade das persoas desempregadas en Galicia xa non perciben prestacións

Pero é que xa hai 119.780 persoas desempregadas en Galicia sen ningún tipo de prestación, o 50,7 por cento. Cunha taxa de cobertura en mínimos históricos que non supera o 53,46 por cento.

Por outra banda, a media de afiliados á Seguridade Social é en Galicia de 935.537. Galicia continúa moi afastada do millón de afiliados de antes da crise.

A rotación, temporalidade e estacionalidade existentes no mercado laboral galego plásmanse nas cifras analizadas.

OS SINDICATOS EN ESPAÑA E EN GALICIA Á CABEZA DE EUROPA EN DAR COBERTURA ÁS PERSOAS TRABALLADORAS COA METADE DAS HORAS SINDICAIS E CON MENOS RECURSOS

Redacción.- Segundo a Enquisa Europea de Empresas, realizada por Gallup para a axencia Eurofound da UE, os sindicatos españois están á cabeza en nivel de cobertura que dan aos traballadores e isto o logran, ademais, coa metade de horas sindicais que o resto dos representantes europeos.

Así, en niveis de cobertura, aos sindicatos españois só os superan os de Finlandia e Dinamarca e figuran por diante de países como Francia, Alemaña, Italia ou Inglaterra.

O 32,1 por cento das empresas europeas teñen representación sindical. Tanto España como Galicia están por enriba desta porcentaxe

Segundo os datos da devandita Enquisa, de media, o 32,1 por cento das empresas europeas teñen representación sindical estable (seccións sindicais, delegados ou comités de empresa). Non obstante, esta porcentaxe varía segundo a dimensión da empresa e o propio sector no que se encadre. Incrementábase nas grandes empresas do sector industrial e baixa nas de menor tamaño do sector servizos.

España está por enriba da media comunitaria en canto a representación sindical nas empresas, sendo a media deste país do 57,1 por cento. Segundo os datos do Ministerio de Emprego, en España hai rexistrados 303.622 representantes sindicais, dos que o 35,4 por cento corresponden a UGT.

En Galicia, aínda que a porcentaxe baixa un pouco, ata o 44,59 por cento, esta segue a estar por enriba da media comunitaria e os sindicatos galegos teñen uns niveis de cobertura por enriba de países como Portugal, Grecia, Reino Unido, Ale-



maña, Austria, Italia ou Irlanda. Concretamente, en Galicia hai 15.387 representantes sindicais, dos que o 28,67 por cento corresponden a UGT; o 27,56 por cento á CIG; e o 25,61 por cento a CCOO.

Nas empresas grandes a porcentaxe de representación medra moito

Tamén nesta Autonomía a porcentaxe de representación (cobertura) medra moito cando a análise se fai en empresas grandes. Por exemplo se se toman como referencia as do sector industrial de máis de 250 traballadores, a porcentaxe de representación elévase ata o 84 por cento. Isto evidencia que baixar ata o 44,59 en termos xerais é consecuencia tamén do tecido produtivo galego marcado polo baixo peso da gran industria e a forte incidencia de pequenas empresas nas que o nivel de cobertura baixa.

Esta situación, sempre segundo a pro-

pia enquisa, dáse a pesar de que os sindicatos españois teñen menos recursos materiais, formativos e de tempo para o exercicio das funcións de representación, en relación á media europea.

Neste senso, hai que apuntar que o 37 por cento dos representantes sindicais europeos teñen acceso ao financiamento das propias empresas para costear o asesoramento xurídico, económico ou técnico, mentres que en España esta circunstancia redúcese practicamente á metade.

Á cola da UE en crédito horario

Ademais, os datos do informe desmenten un dos tópicos máis difundidos sobre os sindicatos españois no relativo ás horas sindicais. Os sindicalistas españois sitúanse á cola da UE, xa que só o 28,3 por cento dos seus representantes dispoñen de crédito horario para exercer as súas funcións. Mentres, a media da Unión Europea é do 56,2 por cento.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

A PRECARIIDADE NO MERCADO DE TRABALLO É SINÓNIMO DE SINISTRALIDADE LABORAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores advirte sobre o alarmante repunte das cifras de sinistralidade laboral no noso país onde durante 2015 faleceron 608 traballadores e producíronse un total de 1.233.918 accidentes laborais, 44.795 máis que en 2014, o que supón un incremento dun 3,8%.

O Sindicato denuncia, unha vez máis, que a crise utilizouse como escusa para abandonar o investimento das empresas en políticas de prevención de riscos laborais e destaca que a precariedade que se instalou no mercado de traballo é sinónimo de incremento da sinistralidade laboral.

Neste sentido, reclama incrementar as actuacións da Inspección de Traballo, exercer maior vixilancia do cumprimento da normativa, potenciar a coordinación entre as distintas administracións públicas, que se fagan públicas as sancións por infraccións moi graves e esixe ao futuro Goberno, como eixo esencial da política de saúde pública, un compromiso para garantir a saúde integral dos traballadores.

Segundo os datos do avance de accidentes de traballo ocorridos en España no período de xaneiro a decembro de 2015, que fixo públicos o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, durante o ano pasado, producíronse un total de 1.233.918 accidentes laborais, experimentando, dita cifra, un incremento do 3,8% respecto do dato do 2014, o que supón 44.795 accidentes laborais máis.

Deles, 518.988 accidentes causaron a baixa ao traballador, o que supón un aumento do 5,7% en relación ao ano anterior, é dicir, houbo 27.889 traballadores máis que sufriron un accidente laboral que lle causou a baixa.

Entre os accidentes que causaron baixa, 449.223 ocorreron durante a xornada laboral e 69.765 foron accidentes in itinere. Ambos os tipos de accidentes ascenden, sendo este incremento do 5,8% para os accidentes ocorridos durante a xornada laboral e do 5,0% para os ocorridos no traxecto do traballo a casa.

A industria manufacteireira e o comercio por xunto e menor, reparación de vehículos a motor, son as dúas seccións de actividade que rexistran a maior cantidade de accidentes laborais con baixa, con 82.087 accidentes a primeira e 64.417 a segunda.

Os maiores incrementos son os rexistrados polo sector da construción cun 9,7% máis, seguido hostalería cun 9,0% máis.

Os sobreesforzos físicos sobre o sistema musculoesquelético é a forma que produciu un maior número de accidentes con baixa ao longo do ano, sendo esta cifra de 174.456, un 5,7% máis que en 2014. En segundo lugar sitúanse os choques ou golpes contra obxecto inmóbil como caídas ou tropezos que ascenden a 109.474 accidentes (+5,3% que en 2014). Sendo estas últimas facilmente evitables con sinxelas medidas de seguridade.

Tamén, notificáronse 714.930 accidentes sen baixa durante o período de referencia antes citado. Este tipo de accidente experimentou un aumento do 2,4% con respecto ao 2014, o que se traduce en 16.906 accidentes sen baixa máis. Por tanto, temos que volver insistir que seguen notificándose máis accidentes sen baixa que con baixa, feito que consideramos que pode relacionarse á presión que sofren os traballadores



pola actual situación das condicións de traballo, debido á precariedade e a falta de medidas preventivas nas empresas.

608 traballadores faleceron no período de xaneiro a decembro, o que supón 28 mortes máis que durante 2014.

Do total de falecementos, 500 ocorreron durante a xornada de traballo e 108 foron in itinere. Rexístrase un incremento de 33 mortes nos accidentes ocorridos durante a xornada laboral e un descenso de 5 falecementos nos accidentes in itinere, comparando estes datos cos de 2014.

As causas de falecemento durante a xornada laboral son os infartos e derrames cerebrais (216 falecementos) os accidentes de tráfico (69 falecementos), quedar atrapados, ser esmagado, sufrir unha amputación (67), choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión (56).

Estes accidentes poderían evitarse realizando unha maior prevención dos riscos psicosociais, promovendo boas prácticas nos desprazamentos realizados durante a xornada laboral e implantando medidas preventivas nos lugares de traballo.

Os traballadores de Tranvías de Ferrol anuncian mobilizacións

Redacción.- Complicada situación a que atravesamos o servizo interurbano de autobuses na comarca de Ferrol cunha perda constante de viaxeiros, 10.000 no último ano, unhas liñas deficitarias e a calada por resposta da Xunta de Galicia ao plan de reestruturación de rutas, que fai tres anos presentou a empresa.

Os traballadores de Tranvías de Ferrol anunciaron en rolda de prensa este mércores que celebrarán unha serie de mobilizacións ante a "absoluta pasividade da Xunta", que debe decidir se acepta ou non o plan que a compañía presentou hai anos.

Desta forma, os empregados concentráronse ás portas do Concello de Ferrol o próximo 9 de marzo, ás 11:00 horas, e advirten que se a Xunta non se senta a negociar o día 23 paralizarán a súa actividade desde as 10:00 ata as 12:00 horas.

Martín Martínez, representante de SMC-UGT, apuntou que "non lle estamos pedindo que diga que si" ao plan de reestruturación, senón que tome unha resolución para poder tomar medidas. Neste punto, Martínez lembrou que con ese plan Tranvías de Ferrol busca compensar as liñas que son deficitarias para ofrecer un mellor servizo aos veciños e evitar

as perdas económicas.

Ademais, os representantes do comité lembraron que na súa reunión cos alcaldes de Ferrol, Narón e Neda, municipios polos que discorren as liñas, os rexedores trasladáronlles a súa pretensión de apostar polo transporte interurbano cunha partida económica para o aumento e reforzo de liñas. Unha aposta, sinalaron os empregados, que supoñerían un incremento dos postos de traballo e a mellora de servizos para a cidadanía. Pero para levala á práctica, o primeiro e necesario é que a Administración autonómica sente a negociar.

OS TRABALLADORES DO SERGAS MOBILÍZANSE “POR UNHA OPE E TRASLADOS DIGNOS, PARA UN EMPREGO DIGNO”

Redacción.- FSP-UGT, xunto coa CIG, CC.OO., CSI-F, CESM, SAE, Satse e Ou'Mega, convocaron varias concentracións este xoves nos hospitais públicos galegos e unha manifestación a semana que vén, o día 10, que sairá do edificio do Sergas en Santiago ás 11,00 horas e marchará ata San Caetano, coincidindo coa celebración do Consello da Xunta.

Os traballadores do Sergas denuncian que "xa está ben" de contratos "precarios" dun día e por horas. "Ata aquí chegamos, a asistencia sanitaria reséntese", advertiron.

Nunha rolda de prensa conxunta, as centrais avisaron de que a oferta de emprego público convocada este ano, con 818 prazas, "non chega" para "cubrir" todo o emprego "que se destruíu" en anos previos, que cifraron, en concreto, nunhas 3.000 prazas, as que farían falta para acabar coa precariedade de profesionais que son dados de alta "de luns a venres", ou por unha soa xornada.

Segundo as cifras que se manexan, o PPdeG convocou, nos seus dous mandatos á fronte do Executivo autonómico,

1.729 prazas, ao descontar as que "suman como convocadas por eles" pero que "deixou o bipartito". Así, cifran en 176 as convocadas en 2012, 287 en 2013 e 2014, 104 en 2014 e 344 en 2015, xunto ás 818 de 2016. "Necesitaríamos 3.000 máis", reivindicaron.

Do mesmo xeito, cuantificaron nun 50% o emprego que cubriu a Xunta cos populares á fronte, "porque o resto é traballo en precario, por días e por horas". "Contratos en certo xeito en fraude de lei", denunciaron.

FSP-UGT expresa a súa "preocupación" por unha "deterioración clara" da calidade asistencial, que queda exemplificada coas listas de espera. Os profesionais están "cada vez máis saturados" e, aínda que é certo que se lles pediu "un esforzo" en



2009, en plena crise, quéixanse de que agora "non se ve a recuperación". "Queremos recuperar o emprego que había en 2009".

Ademais, todos os voceiros sindicais coincidiron en cargar contra a derivación a hospitais privados e unha suposta "privatización encuberta" que detectan, entre outras cuestións, coa ausencia de convocatoria de prazas para postos como cociña.

MÁIS DE 40.000 PERSOAS MANIFÉSTANSE EN FAVOR DO SECTOR DO MAR

Redacción.- Unha desaprachable xornada de choiva e saraiba non puideron parar a un sector afeito a lidar con condicións climáticas adversas no seu día a día, por iso, máis de 40.000 persoas déronse cita nas rúas de Santiago de Compostela. O Sector Marítimo-Portuario de UGT Galicia sae á rúa en defensa do sector do mar, acudindo á cita o secretario xeral de SMC Galicia, Eladio Romero, e o responsable do Sector Marítimo-Portuario, Luís Figueroa. Queremos que a nosa xente, e sobre todo os nosos fillos, poidan seguir vivindo deste medio cada día máis esquecido e desprezado pola Administración pública.

Moitas e moi fondos son os reproches. Non pode ser que existan barcos que non teñan cota, o que supón unha destrución de emprego. Non pode ser que se expoñan leis como a de acuicultura, a cal acaban de retirar, xa que acabaría coas nosas rías. Non pode ser que sigamos perdendo afiliados (cotizantes) deste sector, porque non garantizará as pensións dos nosos mariñeiros. En definitiva, temos que pelexar para que o noso sector consiga recuperarse e ese camiño tense que percorrer cunha alianza firme e sólida.

Esta manifestación abre o camiño e por unha vez hai unión de todas as artes de pesca e de todos os sectores, os cales gritan ao unísono buscando solucións que só cesarán coa consecución dun cambio na política pesqueira común, que supoña un amparo do futuro do noso medio e da nosa xente. Desde UGT defendemos a unión como a maior ferramenta da que dispoñemos para que se respecte o noso mar e o noso traballo, por isto debemos fortalecer esta alianza que procura a defensa do noso medio de vida.

Non nos podemos esquecer de que o mar, na nosa Comunidade, como medio de vida dá emprego directo a máis de 30.000 persoas, multiplicándose por



cinco de maneira indirecta. Este recurso debe ser coidado, tratado con xustiza e defendido. Só por esta vía pódese garantir o futuro actual e das xeracións vindeiras as cales, seguindo a tradición, quererán explotar o noso máis prezado tesouro. O dereito a un trato e defensa digna dos nosos intereses emana, en gran medida, do histórico binomio creado na nosa Terra, a fusión entre Galicia e o Mar.